



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO
FOGAR DOS MAIORES DE RIBADUMIA

Feito imponible.-

O feito imponible da taxa ven determinado polo disfrute e uso do Fogar dos Maiores de Ribadumia, como instalación asistencial polos usuarios que, voluntariamente, desexan facer uso do mesmo.

Base imponible.-

A base imponible ven determinada polo uso e período efectivo do servicio, de acordo co réxime de prestacións que se sinala no Regulamento do centro.

Devengo.-

O dereito da Administración a esixir-lo pagamento da taxa virá determinado pola solicitude da prestación do servicio.

Suxeito pasivo.-

Serán suxeitos pasivos da presente taxa os solicitantes usuarios ou os titores legais destes en caso de incapacidade dos mesmos, que de forma temporal ou estable se beneficien deste servicio.

Período impositivo.-

Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación dos servicios do centro por parte do suxeito pasivo.

Xestión.-

O pago farase, unha vez presentada e aceptada a solicitude, por adiantado dentro dos primeiros quince días de cada período mensula, mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante ou titor, na conta municipal que se sinala.- O resgardo bancario serve como xustificante de ingreso.



Por asistencia a Comisión de Gobierno: 240 euros por sesión.

Os membros da comisión de Gobierno deixarán de percibir asignacións por asistencia a sesións no caso de que o global anual por asistencia a plenos e comisións de goberno alcance as seguintes cantidades:

Alcalde	4.635,00 euros
1º Tenente de Alcalde	8.400,00 euros
2º Tenente de Alcalde	5.562,00 euros
3º Tenente de Alcalde	3.708,00 euros

Por asistencia a cada sesión do Consello Escolar, e demais entidades que contan con representación oficial do Concello de Fornelos de Montes, cando celebren sesión dentro do municipio, o concelleiro delegado percibirá unha indemnización de 30,00 euros.

Cada concelleiro percibirá, por asistencia efectiva a cada sesión da Comisión Especial de Contas a cantidade de 30,00 euros."

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Fornelos de Montes 2 de novembro de 2010.—O Alcalde, Emiliano Lage Rodríguez. 2010011901

* * *

RIBADUMIA

A N U N C I O

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada con data 27 de outubro de 2010, acordou a aprobación provisional do Regulamento para o funcionamento do Fogar dos Maiores de Ribadumia, expoñéndose o mesmo ó público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte a esta publicación, a fin de que os interesados podan examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamación durante o período de exposición, entenderáse definitivamente adoptado o devandito acordo.

Ribadumia, 29 de outubro de 2010.—A Alcaldesa, Mª Salomé Peña Muñiz. 2010011967

A N U N C I O

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada con data 27 de outubro de 2010, acordou a aprobación provisional da Ordenanza reguladora da Taxa por prestación de servizos no Fogar dos Maiores de Ribadumia, expoñéndose o mesmo ó público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte a esta publicación, a fin de que os interesados podan examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamación durante o período de exposición, entenderáse definitivamente adoptado o devandito acordo.

Ribadumia, 29 de outubro de 2010.—A Alcaldesa, Mª Salomé Peña Muñiz. 2010011968